

*Ante a xestión da Consellería de Medio Ambiente na denominada “crise dos lobos na serra do Barbanza”, as Asociacións abaixo asinantes queren amosar a súa total disconformidade ante a incompetencia da Dirección Xeral da Conservación da Natureza na xestión desta crise, en base aos seguintes argumentos:*

- 1- O incumprimento das medidas de protección do lobo ibérico contempladas en diversas leis e decretos, tanto da Comunidade Europea, como da mesma Xunta de Galicia, tales coma o Decreto 297/2008 do 30 de decembro, ao artellar medidas que supoñen a morte indiscriminada de calquera cánido, incluído o lobo, polas seguintes razóns:
  - a. Non é posible diferenciar a simple vista un lobo dun híbrido.
  - b. Delegar as batidas e agardos en mans de cazadores que se prestan voluntarios, en concreto da Sociedade Deportiva de Caza e Pesca de Porto do Son e da Sociedade de Cazadores Castelo de Vitres de Boiro e que acaban derivando en feitos como a aparición do corpo dun lobo sen cabeza entre os exemplares enviados á Consellería de Medio Ambiente.
  - c. Planificar estas “medidas de control” en plena época de cría, o que supón, en moitos casos, a morte das camadas de lobatos por inanición, no caso de que a nai sexa un dos animais mortos ou feridos.
- 3- O uso de políticas de xestión da natureza totalmente contrarias á vida e ao respecto animal, así coma unha manifesta falta de sensibilidade polo coidado da natureza por parte dun organismo teoricamente coa máxima responsabilidade na protección e xestión da mesma; co cal, paradoxicamente, quen debe velar, neste caso, pola protección da especie do lobo e o mantemento da legalidade, fomenta o contrario.
- 4- A ausencia de diálogo coa cidadanía implicada, ao non ter en conta, en absoluto, a opinión das numerosas Asociacións que se pronunciaron en contra destas medidas e non responder á maioría dos escritos enviados por estas, como o presentado o pasado 23 de abril por parte de 33 Asociacións Ecoloxistas, Animalistas e Protectoras; ou, no caso de dar resposta, facelo dunha forma ambigua e incompleta, que en pouco ou nada aclara as cuestións que se lle expoñen. O diálogo coa cidadanía é unha obriga por parte dun organismo oficial e dos seus responsables políticos, e recibir información, un dereito de todo cidadán tal e como se contempla na Lei 27/2006, do 18 de xullo, de ámbito nacional ou na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

Por todos estes feitos e actitudes categoricamente inadmisibles no cargo que representa,

esiximos o cese inmediato do Director Xeral de Medio Ambiente, D. Ricardo García-Borregón máximo responsable das medidas tomadas pola Dirección Xeral de Medio Ambiente e que implican poñer en perigo de extinción o lobo ibérico na Serra do Barbanza, ademais da morte indiscriminada doutras especies.